



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS FORESTAIS CON CARGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA DO PROGRAMA APROL RURAL 2025. EXP. 2025/E001/000002
EXPEDIENTE: 2025/G003/000602

ANTECEDENTES:

O Departamento Territorial na Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, comunicou a este concello, con data do 15-05-2025, a resolución de concesión dunha subvención por importe de 49.806,00 euros para a contratación laboral temporal de 3 persoas desempregadas, a tempo completo, por un período de 9 meses, para a ocupación de peón/peoa, co obxecto de “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso”, empregando a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), ao abeiro da Orde de 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G), publicada no DOG núm. 50 do 13 de marzo de 2025. A dita resolución fixa como data límite para formalizar as contratacións o día 15 de xullo de 2025.

Na data do 04-06-2025 dítase providencia de Alcaldía na que se dispón o inicio do expediente para a selección de tres peóns/peoas forestais, realizando a selección na forma prevista no artigo 14 da orde da convocatoria do 5 de marzo de 2025 e a contratación segundo o establecido no seu artigo 15.

O 05-06-2025 o técnico de Medio Ambiente emite informe sobre a necesidade de proceder á dita contratación.

O 09-06-2025 o alcalde asina a proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, que establecen como sistema de selección o de oposición.

O 11-06-2025 a Secretaria municipal emite informe xurídico.

O 16-06-2025 a Intervención emite informe de fiscalización previa favorable (REF: MGM.16.06.25.1).

Pola resolución de Alcaldía núm. 495/2025, do 18 de xuño de 2025, aprobouse a convocatoria e as bases que han de rexer o procedemento selectivo para a contratación, en réxime laboral temporal, de tres peóns/peoas forestais, grupo de cotización 10, para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso”, publicándose o anuncio no BOP núm. 118 do 23 de xuño de 2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web municipal.

Con data do 24-06-2025 este concello presentou oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Carballo para cubrir estes postos de traballo, tal e como reflicte o artigo 14.4 da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que regula a subvención, remitíndose pola mesma a través do correo electrónico o día 27-06-2025 unha listaxe de 15 currículos de persoas candidatas dispoñibles, que se axustan ao perfil profesional solicitado, co número de oferta **12-2025-6384**.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Presentadas polas persoas candidatas as solicitudes de participación, dítase por esta Alcaldía o día 03-07-2025 a resolución núm. 544/2025, pola que se aproba a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que se eleva automaticamente a definitiva ao non presentarse reclamacións. Nela noméase aos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo e convócase aos aspirantes admitidos para a realización das probas o día 07-07-2025.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal, na reunión celebrada o día 7 de xullo de 2025, acordou elevar á Alcaldía a proposta seguinte:

“Primeiro: Elevar á Alcaldía a **PROPOSTA DE APROBADOS**, segundo a maior cualificación obtida no proceso selectivo, para a cobertura de tres prazas de persoal laboral temporal, peón/peoa forestal, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, ao abeiro do Programa APROL 2025, composta polos seguintes aspirantes:

N ^a	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	20
2	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	18
3	REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**	18

Os aspirantes propostos deberán presentar a seguinte documentación preceptiva para a formalización do contrato que se especifica na base 12^a:

a.- Orixinal ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.

b.- Certificado/informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

c.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

d.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

e.- Xustificante orixinal de estar desempregado/a no momento de inicio da relación laboral.

f.- Certificado de conta bancaria

Segundo: Elevar a proposta de formación dunha **LISTAXE DE RESERVA** de peóns/peoas forestais, persoal laboral temporal, Programa Aproz 2025, formada polas persoas candidatas que tendo superado o proceso selectivo non obtiveron praza, pola orde de puntuación obtida:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	17
2	FERNANDEZ MIRA, M ^a ARGENTINA	***6725**	16
3	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	10,5

Terceiro: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos aspirantes un prazo de **2 días hábiles**, aos efectos da presentación de reclamacións ás puntuacións provisionais”

Logo de ver a documentación preceptiva esixida na base 12^a presentada polos aspirantes propostos para a contratación:

-Ernesto Ventura Vidal: R.E. núm. 202500000000854 do 08-07-2025
-José Luis Ferreiro González: R.E. núm. 202500000000858 do 09-07-2025
-José Jesús Rey Varela: R.E. núm. 202500000000859 do 09-07-2025

Con data do 10-07-2025 emítese pola Intervención municipal informe de fiscalización favorable (REF: MGM.10.07.25.7)

De conformidade coa proposta do tribunal e no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro: Contratar como **PEONS FORESTAIS** para desenvolver o “Plan de limpeza de pistas forestais do Concello de Ponteceso”, ao abeiro da subvención concedida do **Programa APROL-RURAL 2025** da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, coa categoría laboral de operarios de servizos xerais, peóns, grupo de cotización S.S. 10, como persoal laboral temporal a tempo completo, a través da modalidade contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), consonte ao establecido no artigo 15 da Orde de 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, polo período de 9 meses, sendo a data de inicio o 14-07-2025 e a de fin o 13-04-2026, coas retribucións mensuais brutas de 1.381,34 euros, incluído o rateo das pagas extraordinarias e cun período de proba de dous meses, aos seguintes candidatos (**número de oferta 12-2025-6384**) :

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	20
2	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	18
3	REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**	18

Segundo: Aprobar, de conformidade coa proposta do tribunal de data 07-07-2025, a **LISTAXE DE RESERVA** de peóns/peoas forestais, persoal laboral temporal, Programa Aproz 2025, formada polas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

persoas candidatas seguintes, que tendo superado o proceso selectivo non obtiveron praza, por orde descendente de puntuación obtida:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	17
2	FERNANDEZ MIRA, M ^a ARGENTINA	***6725**	16
3	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	10,5

A vixencia desta lista coincidirá coa duración da contratación obxecto desta resolución, en atención ao seu carácter temporal, cuxo funcionamento rexerase polas normas sinaladas na base 14^a.

Terceiro: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web municipal.

Cuarto: Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

D. José Manuel Mato Martínez

A secretaria

D^a. Antía Pena Dorado